


Talking with a Nobel Laureate

Conversando cun premio Nobel



Prof. Richard R. Schrock

Nobel Prize in Chemistry 2005

Massachusetts Institute of Technology (MIT, USA)

9:30-10:30

Meeting at CiQUS with Galician High Schools Students

Reunión no CiQUS con Estudantes Galegos de Bacharelato

10:30-11:30

Coffee and photos

Café e fotografías

CiQUS Seminar Room
July 17th 2015

12:00-13:30

Lecture: «High Oxidation State Alkylidene and Alkylidyne Complexes: Development and applications»

Conferencia: «Complexos de Alquilideno e Alquilidino en alto estado de oxidación: Desenvolvemento e aplicacións»

Facultade de Química
Aula Magna

O Nobel de Química Richard Schrock visita o CIQUS por segunda vez

O vindeiro venres 17 de xullo, o Profesor Richard R. Schrock (Nobel de Química en 2005) visitará o CIQUS da USC. O Profesor Schrock tamén manterá unha reunión informal con estudantes galegos de bacharelato, que terán a oportunidade de preguntarlle sobre as súas vivencias e o seu traballo. Despois de departir nunha sesión de cafe, o Prof. Schrock pronunciará unha conferencia na Facultade de Química.



Esta será a segunda vez que o Profesor Richard R. Schrock visita Santiago. Xa no ano 2011 mantivo varias reunións de traballo con persoal investigador do CIQUS para coñecer e discutir as súas liñas de investigación. O Premio Nobel atópabase en Santiago convidado polo Programa ConCiencia da USC.

Richard R. Schrock

Richard Schrock (1945, EE.UU.) mereceu o Nobel en 2005 -compartido con Yves Chauvin e Robert H. Grubbs- polo desenvolvemento do **método da metátese na síntese orgánica que permite 'cambiar átomos de lugares'**. Este achado abre a porta á construción de moléculas sen máis límite que a propia imaxinación, máis aló do que existe na natureza (a imaxe usual para ilustrar este mecanismo de intercambio atómico para compoñer novas moléculas é a dun baile no que as persoas poden cambiar de parella).

O descubrimento do profesor Schrock, que na actualidade traballa no *Instituto Tecnolóxico de Massachussets (MIT, EE.UU.)*, proporcionou un novo xeito de unir fragmentos moleculares para obter moito máis rápido e dunha maneira menos contaminante produtos sintéticos como perfumes, plásticos, fibras e, sobre todo, fármacos.

A traxectoria profesional do Nobel desenvolveuse sempre por centros de elite, dende a realización da tese na Universidade de Harvard at ao post-doc na de Cambridge para finalizar no MIT. Nese periplo por centros de primeira orde Schrock traballou ademais durante catro anos, entre 1972 e 1975, no *Central Research Department* da multinacional DuPont.